



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL****LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 867 Semana do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2020

## O GOBERNO DEBE DERROGAR AS REFORMAS LABORAIS

**A EPA confirma a alarmante precariedade no emprego e no desemprego. A taxa de temporalidade é do 25,9%, do 28% no caso das mulleres, e o 53,7% dos traballadores a tempo parcial están nesta situación dun xeito involuntario**

**Redacción.-** Os datos da EPA, feitos públicos este martes, reflicten, un trimestre máis, máis e máis precariedade, con elevadas taxas de temporalidade e parcialidade involuntaria. Para UGT-Galicia, é xa hora de recuperar dereitos, lograr a igualdade e establecer as condicións para lograr emprego de calidade con salarios dignos e isto pasa pola derrogación urxente das reformas laborais.

Así, os datos indican que no cuarto trimestre de 2019, en relación ao anterior, dáse en Galicia unha caída da ocupación de 0,9 puntos, medrando en relación a hai un ano, nun 0,7%. Neste indicador os datos de Galicia son peores que os do resto do Estado, ocupación medra no trimestre, nun 0,47%, e no ano, nun 2,1%. En Galicia hai 1.096.000 ocupados, cunha taxa do 46,9%, afastada aínda dos valores superiores ao 50% de antes a crise e da do Estado, do 50,6%.

O paro aumenta no trimestre en 2.300 persoas, o 1,6%, evolución tamén contraria ao resto do Estado, onde baixa nun 0,7%. No ano cae en ambos contextos, nun 2,1% en Galicia e nun 3,4% no Estado. Hai 145.800 persoas en paro en Galicia, cunha taxa do 11,7%, fronte ao 13,78% no resto do Estado. Isto que podería parecer un bo indicador para Galicia tan só é o reflexo dun menor dinamismo do mercado laboral, inmerso nun profundo cambio estrutural con fortes caídas poboacionais, especialmente, de poboación activa.

### Taxa actividade

De feito, a taxa de actividade é en Galicia de tan só o 53,1%, fronte ao 58,74% do resto do Estado. Síntoma dun mercado laboral especialmente contraído, con moi poucas oportunidades.



### Paro de longa duración

O paro de longa duración continúa a ser outra das grandes lacras do mercado laboral galego. 65.900 persoas levan máis dun ano na procura de emprego (55.700 considerados de longa duración) e, destes, 43.500 máis de dous anos.

### Situación dos fogares

As familias continúan pasándoo mal. Os fogares nos que todos os activos están no paro son 52.300 e 30.100 vivendas non teñen perceptores de ingresos. Valores moi afastados dos que se rexistraban no 2009, 44.800 e 19.700, respectivamente.

A taxa de paro segue a apuntar á forte brecha de xénero que se rexistra no mercado laboral galego. Así, esta é do 10,3% no caso dos homes e do 13,3% no das mulleres, tres puntos de diferenza. Tamén existe brecha por idades, entre os menores de 25 anos este indicador sube ata os 27,4 puntos. 15.600 mozos e mozas menores de 25 anos están en situación de desemprego nesta Comu-

nidade.

Os nefastos efectos das reformas laborais levan a máis e máis precariedade, cunha taxa de temporalidade do 25,9%, chegando ata o 28% no caso das mulleres.

### Temporalidade

Dende UGT-Galicia denúnciase que, das 228.900 persoas que teñen un contrato temporal en Galicia, 1.800 teñen un contrato de tan só un día; e 10.900 teñen un contrato que durará menos dun mes.

### Parcialidade involuntaria

Un síntoma máis desta forte precariedade é a parcialidade na contratación. Do total dos ocupados, o 14% o son a tempo parcial, 153.000. Pero é que deste total, o 53,7% (82.200 persoas) están nesta situación dun xeito involuntario, por non atopar outra modalidade de contratación.

A parcialidade involuntaria é outra das consecuencias das medidas regresivas impostas polas reformas laborais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## FEPMC DENUNCIA UNHA NOVA AGRESIÓN NO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA QUE PROVOCA A BAIXA POS LESIÓNS DUN VIXIANTE

*O Sindicato esixe máis recursos humanos e materiais*

**Redacción.-** FePMC denunciou que o pasado venres a última hora do día produciuse unha nova agresión no hospital provincial de Pontevedra, en urxencias, provocando a baixa por lesións do vixiante de seguridade.

O sucedido tivo lugar cando o vixiante acudiu á chamada do persoal médico por un acompañante violento que agrediu a un facultativo e escapou polo hos-

pital.

O resultado desta intervención foron lesións para o traballador de seguridade privada, provocando a baixa médica, e tamén lesións a algún dos axentes da Policía Nacional que tivo que intervir, tras a chamada ao 091 para poder controlar a situación, xa que había un só vixiante.

FePMC-UGT, ante a reiteración deste tipo de actos violentos, insta ao Sergas a que estude a posibilidade dun aumento significativo do persoal de seguridade, así como a súa dotación de medios, xa que nestas circunstancias é practicamente imposible manter un clima de seguridade, tanto para os docentes como para o persoal sanitario e os usuarios dos centros hospitalarios públicos de Pontevedra.

## A PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DA UNIVERSIDADE PÚBLICA CHAMA Á MOBILIZACIÓN O DÍA 11 CONTRA A PRIVATIZACIÓN

**Redacción.-** Este martes foi presentada publicamente a recién constituída Plataforma galega en defensa da universidade pública, da que FeSP-UGT forma parte, xunto con CCOO e CIG e sindicatos de estudantes. O obxecto desta plataforma é a defensa do ensino público universitario para evitar que os estudos a este nivel se convertan nun campo de mercadeo e de negocio, competindo directamente coas institucións públicas.

Denunciaron que o proxecto existente en Galicia para a creación dunha universidade privada, Abanca, faise en paralelo ao proceso de depuración de títulos e merma da oferta na pública.

Denunciaron que a oferta da nova universidade non suporía unha diversificación con respecto á oferta actual en Galicia, todo o contrario, sería similar á xa existente, o que traerá consecuencias para os recursos e cadros de persoal das institucións públicas. Por todo isto, FeSP-UGT considera que esta nova conxuntura precisa dunha resposta, para o cal se creou esta Plataforma que xa convocou sendas concentracións o día 11, ás 11 horas, na Coruña, fronte á Facultade de Informática; Ferrol (Vicerreitoría); Santiago (Reitoría); Lugo (Biblioteca intercentros); Ourense (Facultade de Ciencias da Educación); Pontevedra (Facultade Ciencias Sociais); e Vigo (Reitoría).



## UUA MOBILIZOUSE FRONTE AO PARLAMENTO PARA DENUNCIAR QUE “O XABARIL SEN CONTROL ACABA CO RURAL”

**Redacción.-** UUA convocou este martes unha concentración fronte ao Parlamento galego na que se denunciou que “O xabaril sen control acaba co rural”, polo que os agricultores esixen xestión pública e pago dos danos.

Denunciaron 12 millóns de euros de perdas anuais no campo, 53 accidentes de tráfico semanais e xabarís meténdose nas cidades. Esa é a realidade. Hai que regular o número de exemplares para convivir. Non facelo e falar de compromiso co rural é pura hipocrísia

As patacas e o millo dos agricultores e gandeiros non poden seguir sendo o sustento do xabaril. Non poden seguir apancando cos danos do porco bravo e cos seus custos sen axuda. UUA confía en

que os grupos políticos teñan a sensibilidade precisa para decatarse do que supón para as mermadas rendas do rural ter que asumir 12 millóns de euros anuais en danos sen axuda. Agora é o momento de que a Administración demostre que o seu compromiso cos problemas da España baleirada non é só de cara á galería. E se non é así, a administración terá enfronte aos agricultores e gandeiros para reclamar por vía xudicial a indemnización de todos os danos. Non podemos máis!, denunciaron.

Prezos baixos e estancados dende hai



anos, custos en aumento, dificultades para acceder á terra e poder redimensionar as súas explotacións... Os agricultores e gandeiros non poden máis! De verdade pretende a Xunta de Galicia que sigan cargando co peso da problemática do xabaril? Urxen cambios, e agora é o momento de facelos realidade!.

## UGT CHAMA Á PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN “EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA” O VINDEIRO 9 EN SANTIAGO

*Contra o deterioro da atención primaria, o desmantelamento dos hospitais públicos, as listas de espera e a precariedade do persoal da sanidade pública galega*

**Redacción.-** UGT chama á cidadanía galega a participar o vindeiro día 9 na manifestación que sairá ás 12 horas da Alameda compostelana baixo o lema “En defensa da sanidade pública galega”, convocada por SOS Sanidade Pública.

Con esta mobilización preténdese denunciar e alertar sobre o deterioro da atención primaria en Galicia e o desmantelamento e peche de servizos nos hospitais públicos.

Ademais, denúncianse as longas listas de espera que teñen que sufrir os doentes e usuarios da sanidade pública galega e tamén ponse de manifesto a precariedade á que están sometidos os traballadores da sanidade pública galega.



## MANIFESTACIÓN

EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA



Contra o deterioro da Atención Primaria e o desmantelamento e peche de servizos nos Hospitais Públicos.

Contra as listas de espera inaceptables e a precariedade do persoal da sanidade pública.

Contra a privatización da Sanidade Pública Galega.

**SOS**  
sanidade  
pública

Domingo, 9 de febreiro,  
ás 12 h. desde a Alameda  
de Santiago de Compostela

## A LUÍS TILVE PRESENTOU EN PONTEVEDRA A OBRA “A CASA DO MAESTRO DE PONTEVEDRA (1934-1936)”

**Redacción.-** Este xoves, 30 de xaneiro, presentouse en Pontevedra a nova publicación da Fundación Luís Tilve: “La Casa del Maestro de Pontevedra (1934-1936). Organización societaria e depuración do maxisterio”.

O acto, celebrado na Casa da Luz, iniciouse coa intervención do secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza, que destacou o papel da FETE na renovación pedagóxica desenvolvida na II República (período no que, pese ó curto espazo de tempo, creáronse 495 escolas na provincia de Pontevedra), en base a un programa que xa fora aprobado no Congreso de UGT de 1920; e particularmente a través da Casa do Maestro, en cuxo órgano de prensa contaba cunha folla informativa. Para rematar, incidiu en que o obxectivo desta obra é que a labor destes mestres e mestras (24 membros da “Casa del Maestro” foron fusilados) non quede no esquecemento.

A continuación tomou a palabra o presidente do movemento de renovación pedagóxica Escola Viva, Raúl Gómez Farto, quen agradeceu á Fundación o seu ofrecemento a colaborar na publicación dunha obra que considerou necesaria, para dar a coñecer o traballo duns mestres que chegaron a publicar unha das revistas pedagóxicas máis cualificadas da época, preocupados e



entusiasmados por conseguir un ensino de calidade para alcanzar unha sociedade mellor. Farto rematou invitando a tódolos mestres e mestras a ler este libro, coa fin de que coñezan parte da súa historia como colectivo.

Pola súa parte, un dos autores, Anxo Serafín Porto Ucha, doutor en Filosofía e Ciencias da Educación, explicou que o libro xurdiu de investigacións anteriores, sobre biografías de mestres, as preocupacións asociativas das mulleres ou a depuración do maxisterio, entre outras. Porto indicou que un dos méritos do traballo é o de achegar as problemáticas do maxisterio por aquel entón, as súas preocupacións, tanto vitais como materiais, facendo unha radiografía da época. Neste senso, a obra permite coñecer os procesos de renovación pedagóxica da II

República, analizar o movemento societario e a loita pola dignificación profesional dos mestres, a creación e evolución da Casa del Maestro e da súa revista, coñecer o rexistro de mestres depurados e a súa incidencia na ensinanza posterior. Tamén fixo unha breve mención ás biografías dalgún dos mestres que aparecen no libro.

Finalmente, a deputada de Cultura da Deputación de Pontevedra, entidade colaboradora na edición da obra, manifestou a importancia de apoiar proxectos desta índole, fundamentais para coñecer a nosa historia e recoñecer a labor de moitos cidadáns e profesionais que contribuíron a mellorar o país, e que mellor maneira de facelo que a través da principal ferramenta de progreso, a educación.

## FE SP PROPORÁ UN ACORDO PLURIANUAL QUE SIGA GARANTINDO O CRECEMENTO DO PODER ADQUISITIVO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

**Redacción.-** FeSP-UGT celebrou este mércores un encontro informativo para facer balance do Acordo vixente en materia de emprego público e debullar as principais propostas para unha posible prórroga que permita reducir de maneira efectiva a excesiva temporalidade nas administracións públicas.

En materia retributiva, o II Acordo para a mellora do Emprego Público 2018-2020 permitiu aumentar nuns 2.7 puntos porcentuais o poder adquisitivo dos empregados públicos (cosa que non sucedía desde 2009). “Co incremento contemplado para 2020, ao final do exercicio, o conxunto de empregados e empregadas públicas do noso país gañarían máis dun 4% de poder adquisitivo” - sinalou Julio Lacuerda, secretario xeral

da FeSP-UGT-. Lacuerda afirmou que “ofrecerlle ao Goberno un Acordo plurianual que garanta o incremento salarial por encima de IPC real parécenos interesante”.

“O primeiro que imos pedir ao Goberno é ampliar polo menos nun ano o Acordo para cumprir coas convocatorias de consolidación de emprego”. Os acordos de 2017 e 2018-2020 prevían reducir a temporalidade dun 25% a un 8%. O obxectivo non só non se cumpriu senón que en determinados sectores como a sanidade o número de interinos creceu. Lacuerda subliñou que o obxectivo marcado no Acordo era certamente ambicioso, xa que a temporalidade afecta a 400.000 traballadores e moitas das convocatorias de estabilización atrasáronse.

Só o sector de Xustiza aproximouse case nun 100% aos obxectivos do Acordo.

A supresión da taxa de reposición de efectivos en todos os ámbitos e a obrigatoriedade para as administracións de convocar a súa Oferta de Emprego no primeiro trimestre do ano son algunhas das demandas que o sindicato ten pendentes para próximas negociacións.

O desenvolvemento do EBEP, aprobado xa hai doce anos, é outro dos obxectivos que FeSP-UGT ten sobre a mesa. “Non se desenvolveron asuntos como a carreira profesional, ou cuestións relativas a dereitos, nin tampouco cuestións retributivas de carácter complementario”.

## FE SMC DENUNCIA A ACTITUDE E CERRAZÓN DA PATRONAL NA NEGOCIACIÓN DO CONVENIO DO CONTACT CENTER

**Redacción.-** A intransixencia da patronal de Contat Center, que pretende reducir e eliminar dereitos dos traballadores e traballadoras, augura unha negociación longa e dura, á que desde UGT presentaremos a batalla correspondente.

Ante esta previsible dilatación da negociación, UGT pediu, como “adianto a conta de Convenio”, o IPC previsto de maneira oficiosa (o 1,1%), ao que a patronal negouse rotundamente.

Tamén pediu UGT que renuncien aos despedimentos por estar enfermos, segundo o artigo 52.d, do TRET, e déronnos outra rotunda negativa.

A UGT non lle sorprende a plataforma de convenio da patronal, da que destacamos as súas mellores “perlas”:

– Eliminación do artigo 18, cando unha campaña termine nunha empresa e pase a outra, non existirá o dereito para cambiar de empresa mantendo as túas condicións.

– Contratos de circunstancias da produción dun ano (agora son 4 meses).

– Xornada irregular sen limitacións, xa teñas un contrato de 39 horas, como de 12 horas (o artigo 23 impide a lei da selva).

– Desaparición, pola vía do feito, das bandas horarias (artigo 26).

– Tres horas médicas ao mes como

máximo, e só para médicos especialistas.

– Pedir as excedencias especiais cun mes de antelación, e excluindo verán e vacacións.

– Incluir a palabra “diaria” na redución de xornada (lembrede que UGT gañou a posibilidade de descontarse días completos).

– Obrigación de ter as pagas prorrateadas.

– Redución/eliminación do complemento por IT

En canto a UGT, resumimos a súa plataforma de convenio:

– Xornada laboral completa de 35 horas sen redución salarial.

– Subrogación 100% do persoal, en caso de cambio de empresa.

– Mobilidades xeográfica: 30 km.

– Limitar as novacións para ampliar xornada, a segunda en seis meses, será definitiva.

– Máximo número de días a traballar seguidos, sete (actualmente son oito).

– Ter un sistema transparente para o cambio de quedas.



– Poder fraccionar os permisos retribuídos.

– Substituír a excedencia especial por un permiso sen soldo (así cotizaríamos).

– Aumentar a 14 anos a posibilidade de reducir a xornada por motivos familiares.

– Complemento por antigüidade a partir dos cinco anos.

– Tempo entre chamadas, mínimo, de 25”.

– A lactación acumúlase por días laborables.

– Dereito á desconexión dixital.

– Regulación do teletraballo.

Albíscase unha negociación moi difícil. As próximas reunións serán o 26 de febreiro, en sesións de mañá e tarde, na sede de UGT, e a seguinte, o 17 de marzo.

## UGT ASINA A SUBIDA DO SMI A 950 EUROS EN 2020

*Pepe Álvarez propón ao presidente do Goberno un diálogo social laboral e social máis amplo*

**Redacción.-** Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Xordo, xunto aos presidentes de CEOE e Cepyme, Antonio Garamendi e Gerardo Cuerva, asinaron este xoves co presidente do Goberno o acordo para aumentar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) a 950 euros en 2020.

Un acordo “satisfactorio”, segundo Álvarez, “que avanza cal é a perspectiva que queremos sobre o salario mínimo, xa que continuamos coa expectativa de que en 2023 o SMI sitúese no 60% do salario medio do noso país”.

En declaracións posteriores á firma, Pepe Álvarez quixo felicitar ao Goberno por “esta rapidez por chegar a este acordo. Estamos ante o inicio de máis acordos noutros temas. Temos cita este venres para falar de cuestións que teñen que ver coa reforma laboral, cos cambios legislativos necesarios no marco da derogación destas reformas. Tamén noutros temas que ata o momento non puidemos situar”.

Elementos “tan importantes como a industria, a transición xusta, o prezo da

enerxía, as cuestións de carácter social, as políticas de igualdade, etc. que queremos empezar a situar no mes de febreiro xa”.

En relación a todas estas cuestións e os prazos marcados, o secretario xeral de UGT sinalou que “hai que ir partido a partido. Acabamos de saír dunha negociación positiva. Temos que ir vendo nos diferentes ámbitos que é o que temos encima da mesa. Vimos dunha etapa moi longa sen demasiada concertación, de padecemento de moitas cidadás e cidadáns, de falta de vivenda alcanzable, de falta de subsidios, de emprego precario...isto é o que queremos dignificar. Non vai ser fácil, nunca nos regalaram nada e traballaremos para darlle a volta á situación de pobreza laboral en que viven moitas familias do noso país”.

**Hai que renovar o AENC máis aló de 2020**



Ademais, en relación á negociación dun novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), máis aló de 2020, manifestou que “aínda non hai establecida unha mesa de negociación, pero esperamos que, cando se convoque, teña en consideración o marco xeral do país”.

Neste sentido, considerou que o AENC “achega moito aos traballadores e traballadoras e ás empresas. É unha maneira de encarar a negociación colectiva a partir dunhas bases concretas que fai que a negociación sexa fluida e que diminúa a conflitividade, polo que é bo para uns e outros. Nese marco témonos que atopar para renovar o AENC”.

## RUGE INICIA UN ESTUDO SOBRE AS PRÁCTICAS NON LABORAIS EN ESPAÑA

**Redacción.-** A organización xuvenil de UGT, RUGE- Revolución Uxetista, puxo en marcha un estudo para coñecer a realidade das prácticas non laborais no noso país e as condicións nas que desempeñan as bolsas os nosos mozos.

O estudo parte dunha enquisa -á que se pode acceder neste link: <https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSf7YvMPCDWRKyhdHSMkZjgAcpS-xSywg7XJ1tkjVsY-0BwclQ/viewform>

- que ten por obxectivo coñecer aspectos tanto cuantitativos como cualitativos da fraude nas prácticas laborais e non laborais para poder mellorar a calidade das prácticas en España.

Quen participe pode reflectir na enquisa varios períodos de prácticas e só terá que investir uns minutos en encher a enquisa.



## UGT PON EN MARCHA UN ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DAS PERSOAS LGTBI NO TRABALLO

**Redacción.-** A Comisión Executiva Confederal da Unión Xeral de Traballadores, desde a súa área LGTBI, puxo en marcha un estudo sobre a situación das persoas LGTBI

no traballo.

Un estudo que ten como base unha enquisa cara aos traballadores e traballadoras para coñecer a situa-

ción de lesbianas, gais, bisexuais, trans e intersexuales no contexto laboral en España, co obxectivo de determinar o nivel de discriminación que sofren, así como a detección dos elementos que conforman esa discriminación.

O estudo complétase con entrevistas e traballos grupais cuxos resultados presentará o sindicato nos próximos meses.